

Resolución da Alcaldía

Expediente núm.: 3615/2019

Asunto: ACHEGAS A GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN DO EXERCICIO 2019

Procedemento: ACHEGAS A GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN 2019

Data de iniciación: 23/12/2019

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

VISTOS os artigos 183 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en materia de aprobación de Gastos e recoñecemento de obrigas.

VISTO o artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que dispón que o Pleno da Corporación con cargo aos Orzamentos anuais da mesma poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, igual para todos os grupos e outro variable en función do número de membros de cada un deles.

CONSIDERANDO á súa vez, o recollido no acordo adoptado polo Pleno da Corporación con data 04/07/2019 en relación coa dotación económica aos grupos políticos municipais:

“PRIMEIRO. Establecer as achegas para os grupos políticos da corporación, en función do disposto no artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de acordo co seguinte:

- *Asignación anual por Grupo Político 400 euros/ano é dicir 100 euros /trimestre.*
- *Asignación anual por Concelleiro que o compoñía: 300 euros/ano para cada Concelleiro , é dicir 75 euros /trimestre para cada Concelleiro.*

Coa actual composición plenaria o resultado sería en principio o seguinte, que estaría suxeito a variacións en función dos grupos que en cada momento estean constituídos:

- *Grupo do BNG (7 Concelleiros): Fixo: 400 euros + 2.100 euros = 2.500,00 euros de asignación total anual.*
- *Grupo Popular (4 Concelleiros): Fixo: 400 euros + 1.200 euros = 1.600,00 euros de asignación total anual.*
- *Grupo PSdeG (2 Concelleiros): Fixo: 400 euros + 600 euros =1.000,00 euros de asignación total anual”*

VISTO o informe de intervención de data 23/12/2019

En virtude das competencias atribuídas polo artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento e liquidación das dotacións económicas aos Grupos Políticos da corporación correspondentes aos **ao período entre o 04/07/2019 e o 31/12/2019**, por un total de **2.529,04 €**, de acordo coa seguinte desagregación:

GRUPO	INTEGRANTES	I. ANUAL	PERÍODO 04/07/2019 A 31/12/2019 (días)	TOTAL
BNG	7	2.500,00 €	181	1.239,73 €
PP	4	1.600,00 €	181	793,42 €
PSOE	2	1.000,00 €	181	495,89 €
TOTAL				2.529,04 €

SEGUNDO.- Imputar ditos gastos á aplicación 912.48000 do Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2019, onde consta un RC con nº 12639.



TERCEIRO.- De acordo co artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, xa exposto, lémbrese que as dotacións aos grupos políticos **non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial**, debendo os grupos seguir as regras e directrices recollidas no acordo plenario de 01/07/2015 no relativo a gastos a realizar, xestión e xustificación das achegas.

CUARTO.- Lémbrese tamén que o acordo plenario de 04/07/2019 **inclúe a obriga para os grupos municipais de presentar na Secretaría do Pleno antes do 30 de xuño de cada ano conta xustificativa simplificada dos gastos realizados o ano anterior con cargo ás dotacións e do saldo da conta na que se realizan os pagos e ingresos daquelas**. Ademais, o último ano da lexislatura, os grupos políticos municipais **deberán liquidar a totalidade das dotacións que recibiron ao longo dos catro anos, reintegrando en Tesourería municipal o exceso de dotación, se esta fose superior ao debidamente xustificado**, para o que deben presentar a documentación recollida no citado acordo plenario

QUINTO.- Notificar o presente acordo aos grupos políticos da Corporación así como comunicalo a Intervención e Tesourería para que se realicen todos os trámites oportunos ata o seu efectivo pagamento.

Mándao e asíno o ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA, en Ribadeo, a data de sinatura electrónica en 2019; do que, como SECRETARIO, dou fe.

SECRETARIO
JOSE ANTONIO CARRO ASOREY

ALCALDE,
FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

